

Mondoñedo

Arciprestado creado en 1855, cando se estruturou o espazo diocesano en 18 demarcacións eclesiásticas.

A composición do seu territorio sufriu diversas alteracións dende a súa creación. Así, en 1960 a demarcación comprendía doce parroquias emprazadas no concello de Mondoñedo e cinco no de Abadín. En 1988 non se adscribían ó arciprestado ningunha das deste último municipio e, pola contra, agrupaba tódalas freguesías de Lourenzá e tres de Barreiros, ademais da práctica totalidade das mindonienses.

Tralo decreto de 19 de xuño de 2006, promovido polo bispo Sánchez Monge, o arciprestado quedou conformado polas parroquias que compoñen os concellos de Mondoñedo, Alfoz, Burela, Foz, Lourenzá e O Valadouro, adecuando logo o seu espazo á comarca administrativa da Mariña Central.